

# RETALLOS



Dia das letras 2023  
**Francisco Fernández del Riego**





# Editorial

Un curso máis, velaí a nosa revista, a revista Retallos. Unha humilde ventá que se abre ao mundo, unha dorna no océano, unha fonte no deserto, un faro no infinito.


Somos un espazo diáfano, aberto, no que colle todo o universo e hai un recanto para ti, que estás lendo.

O que aquí se publica é un traballo de equipo, cooperativo, unha engrenaxe que funciona co esforzo e dedicación xenerosa de todos e todas.

E non hai límites, nin mapas, nin alfándegas. Podes entrar coa túa equipaxe, sentar e demorarte con nós.

Pasa a páxina, pois, e serás benvido/a. Estás na túa casa. Un refuxio no páramo.

Ah! E contamos contigo para o próximo número!



## Créditos

### Edita

EDNL – Epa pondal

### Diagramación

Fernando Diaz-Castroverde  
Luís F. Figueiroa

### Revisión lingüística

Antia Cortiñas Leira

### Contributos:


Fernando Diaz-Castroverde	Ana Rial
Carlos Fernández	Alba Barba
Dulce Ferrández	Agar Vila
Concepción González	Marta Noemí Cabañas
Iria Louzán	Evelyn Colop
Antia Cortiñas	Cristina Lopes
Abel Otero	Luisa Ureta
Jorge Domínguez	Gulnara Zeinalova
Beatriz Márquez	Osane Centeno
	Iván Guerra

## Francisco Fernández del Riego

Os anos. meus amigos e amigas, son implacables e un, andando o tempo, decátase de que, o tempo non perdoa, xa coñeceu a varios homenaxeados. Aló van, efectivamente, os poetas Manuel María, Lois Pereiro e Antón Avilés de Taramancos, tan diversos e tan complementarios.

Teño para min que a cultura e a literatura non deixan de ser un crebacabezas superposto no que todas as pezas acaban encaixando, ás veces de xeito natural e outras de esguello, con difíciles equilibrios, pero aí están resistindo, sen derrubarse, sen estrondo. E cómpre tamén ter atadallos, ligazóns, que permitan que o andamio non deveña. Don Paco Fernández del Riego, para mi, é sobre todo iso, o fío perfecto, a tecedura de ouro que cose calquera greta, calquera pequenísimo desvío da torre de marfil. Un suturador. Un tecedor. Aquel que garda os secretos xeroglifos da pirámide.

Eu tiven a honra de coñecer, moi superficialmente, nalgún coloquio a Paco. Lembroume, pola voz pausada, a exquisita dicción, o saber enciclopédico, o dominio retórico e a amigable e serena palabra, o título dun filme que idolatro: *The Quiet Man*. Lembroume, non sei ben por qué, a mente é libre e caprichosa e moitas veces mesmo incomprendible, o aire irlandés de Inisfree, a localidade en que se desenvolve a película mestra de John Ford. Na altura que eu o vin, xa maior, co cabelo prateado e o andar lento, puidera ser tamén o druída da tribo desorientada que procura os levísimos camiños que conducen a El Dorado.



Porque Paco, desculpen que empregue o hipocorístico, era coñecedor dos tempos de entusiasmo que precederon á infamia da guerra, coñecedor da Xeración Nós, de Cunqueiro, Celso Emilio e tantos outros, estes dous últimos, por certo, compañeiros de xeración. E coñeceu tamén a guerra, a miseria moral, os pequenos e case analfabetos tiranos, o país dos ananos e, pasado o deserto de implacable sede, coseu con fío de ouro todo aquilo que se esmoreceu.

Non chegan as Letras para restituír a memoria e os tributos dos dignos, escollemos unha data e aló vai todo, despois anos e séculos de esquecemento. Hai poucos meses estiven no cemiterio de Celanova no que está soterrado Celso Emilio Ferreiro e a súa dona Moraima e resultoume conmovedor o deterioro, o abandono do luminoso recinto.

En fin, pobre o país que non teña memoria!

Recuperemos, pois, a Del Riego:

Francisco Fernández del Riego naceu en Lourenzá (Lugo) no ano 1913, aló tan preto de Mondoñedo, onde tamén estudou. Mondoñedo, berce de tantísimos escritores que por alí pasaron (Cunqueiro, Leiras Pulpeiro, Aquilino Iglesia Alvariño...). Hai vilas coma esta que son case unha Babelia, que agochan a biblioteca de Alexandría.

Nese tempo de entusiasmo que dicía, de seguro que subiu ao bosque da Silva, que entrou no espazo misterioso e alucinante dos alicerces, as Covas do Rei Cintolo, ou paseou pola Venecia galega, o barrio da auga de Mondoñedo.

Completoou, pasando tamén por Compostela, a carreira de Dereito e foi membro destacado do Seminario de Estudos Galegos e das Mocidades Galeguistas. Infinitos os proxectos, os devezos, as arelas. Era, dixen, un tempo de entusiasmo!

A ignominia do 36 desfixo o puzzle, extraeu para sempre pezas (Ánxel Casal, Bóveda...) co asasinato vil, retirou outras (Castelao, Dieste...) ou, finalmente, agochou moitas para que non houbese suturas. Tempo de silencio.

Na posguerra, paseniñamente, chega a reconstrucción e, xustamente aí, a figura de Paco faise capital. Vexamos:

No ano 1950, con Ramón Piñeiro e outros funda a editorial Galaxia, a máis histórica editorial de noso, en 1963 a revista Grial, unha revista científica na nosa lingua que rompe cos escuros pasos da diglosia e ocupa territorios nunca antes transitados, ingresa na Real Academia en 1960, da que será, por certo, presidente entre 1997 e 2001...

Innumerables son os actos nos que participa, os artigos que escribe e as conferencias que imparte.


Ten, ademais, unha moi ampla obra ensaística publicada, pero por non ser excesivamente teórico, escollemos un par de títulos: *Manual de historia da literatura galega* (un manual pioneiro), *Galicia no espello* ou *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo*, a biografía do amigo.

En definitiva, un ano máis de letras, amigas e amigos, ben xusto para un home que deseñou con pulso firme e bondadoso os fíos de noso, a tea perfecta que ilumina a noite dos tempos, un dos que acreditou en mil primaveras máis para Galiza.

Quixería rematar esta humilde colaboración, salientando o compromiso humano de Paco, ben presente e preocupado por todos aqueles que penaban nos tristes anos da posguerra, como o ilustre Ricardo Carvalho Calero, represaliado nese escuro tempo.



Alvaro Cunqueiro, Francisco Fernandez del Riego e Carvalho Calero, antes da guerra civil.



Velaí, reproducimos unha carta de Carvalho, agradecendo o labor de apoio do seu amigo bo e xeneroso:

-----  
Ferrol .1-IX\_1948

Sr. Don Francisco Fernández del Riego  
Vigo.

Meu querido amigo:  
Recibín a túa carta do 26 de agosto co traballo que che pedía. Douche as grazas...


Xa que pagan bastante ben a colaboración nos programas rexionais (*refírese aquí a colaboracións na BBC*), claro está que me interesaría moito participar.

A miña situación económica é moi precaria. Así que che agradecería vivamente todo o que puidesés fazer por min neste sentido e non dubido que farás todo o que che sexa posible facer.

Recibe unha forte aperta do teu amigo.

..... R. Carvalho Calero

Velaí, pois. O xastre dos tempos!  
O home que coseu e uniu un tempo de entusiasmo.  
Beizón para Don Paco!



# As mulleres na Academia de Ciencias de Galicia (RAGC)

A Academia Galega de Ciencias de Galicia, fundouse en 1977, grazas a un grupo de seis galegos ilustres e amantes de Galicia: **D. Enrique Vidal Abascal, D. Isidro Parga Pondal, D. Luis Iglesias Iglesias, D. Domingo García Sabell, D. Antonio Fraguas y Fraguas e D. Eugenio Torre Enciso**, todos eles eran xa académicos da Real Academia Galega, e tiveron o grande acerto de entender que o desenvolvemento de Galicia non só requiría a promoción da cultura asociada á lingua galega, á historia, ás letras e ás artes, senón que necesitaba tamén a promoción da cultura asociada á ciencia, á tecnoloxía e ás súas aplicacións.

Por iso, o **26 de xaneiro de 1973** procederon a asinar un **escrito de solicitude** de creación da Academia Galega de Ciencias. Este feito acadou o seu obxectivo no **Real Decreto 1218/1977 de 23 de abril no que se creou a Academia de Ciencias Galega (RAGC)**, e que finalmente se constituíu en xullo de 1978 cos Académicos promotores e os propostos por diversas institucións, como Académicos fundadores, todos homes agás una muller: a catedrática de Farmacia **María del Pilar Fernández Otero** que foi a primeira en acceder á RAGC, pero o seu traslado fora de Galicia deixouna fora en 1990 e desde esa data, ningunha muller volveu ocupar unha cadeira na RAGC até moitos anos despois; aínda que o ingreso gradual de novos Académicos e Académicas realizase desde esa data de forma anual.

## LOS PRIMEROS INGRESOS DE LA NUEVA ETAPA DE LA RAGC

### MARÍA JOSÉ ALONSO CATEDRÁTICA DE FARMACIA

## «La ciencia debe responder a todo aquello que la sociedad nos demanda»

María José Alonso dice que la RAGC se ha abierto a la mujer, al igual que han hecho otras academias en la última década, a medida en que «las mujeres accedemos a puestos de mayor responsabilidad». Cree que la institución es el foro adecuado para debatir «al más alto nivel» sobre la situación de la ciencia y «responder a todo aquello que la sociedad nos demanda». «Asumiré —dijo— el compromiso con el nivel más alto de responsabilidad posible».

#### DNI

Ocupa el noveno puesto en el ranking mundial en el área de farmacia y toxicología. Lidera un laboratorio que fue pionero en España en nanobiomedicina. Participa en proyectos con la Fundación Gates y, entre muchos otros, tiene el premio Jaime I.



Na verdade non foi até o **ano 2014**, cando o seu presidente Miguel Ángel Ríos asegurou ao tomar posesión: «*haberá mulleres na Academia; en Galicia temos moi boas científicas*». E nese mesmo ano, a institución aprobou o ingreso de catro novos membros en Santiago, dous homes e dúas mulleres: **María José Alonso e Alicia Estévez**.

Estas dúas científicas da área de coñecemento da Bioloxía e Ciencias da Saúde. Supoñen, polo tanto, un fito para a institución que tiña pendente até esta data a súa apertura ás mulleres científicas. De feito o seu nomeamento tivo unha ampla difusión na prensa do momento:

A partir dese ano foron ingresando mulleres na RAGC, pero de forma moi puntual. No 2015 ingresa **Aída Fernández Ríos** tamén da área de Bioloxía e Ciencias da Saúde. No 2018 accede **Pilar Bermejo Barrera** na área de Química e Xeoloxía. E no ano 2021 **Minia Manteiga Outeiro**, na área de Matemáticas, Físicas e Ciencias da Computación e **María Isabel Medina Méndez** na área de Bioloxía e Ciencias da Saúde. Todas elas teñen en común ter publicados un número importante de libros e artigos en revistas de relevo internacional, ao seren investigadoras principais en moitos proxectos de interese internacional e moitas delas teren ademais patentes rexistradas co seu nome, o que pon de relevo a súa pegada nas áreas de coñecemento en que traballan.

## ALICIA ESTÉVEZ CATEDRÁTICA DE MICROBIOLOGÍA

# «Ya iba siendo hora de que nosotras entráramos en la institución»

«Ya era hora de que las mujeres entráramos en la academia, y los cuatro nuevo nombramientos podían ser perfectamente, por sus méritos, todos de mujeres», resalta Alicia Estévez. Coincide con sus colegas en que la institución debe revitalizarse, para lo que debe abrirse a la sociedad. «Debe rejuvenecer sus actividades, apostar más por la divulgación de la ciencia y estar más en contacto con los intereses de la sociedad», explica, al tiempo que se compromete a apoyar esta meta.

### DNI

Catedrática de Microbiología y Parasitología en la USC, trabaja en el estudio de las patologías en los peces y en vacunas para acuicultura. Autora de 132 artículos de investigación, tiene siete patentes. Ganadora del premio Jaime Ferrán.



Realmente no ano 2021 as mulleres só representaban o 20%, dato que non se corresponde coa presenza de científicas nas universidades e centros de investigación galegos. Información que se recolle no informe: «A presenza feminina na Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) 2008-2021» presentado o 11 de febreiro na propia sede da RAGC, pola **Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas (AMIT) - Nodo Galicia (AMIT-Gal)**, con motivo do Día da Muller e a Nena na Ciencia.

No devandito documento indicase ademais, que a entidade aínda ten moito camiño por diante para romper a fenda de xénero e realiza a este respecto varias recomendacións para promover accións positivas co obxectivo de permitir un maior recoñecemento social das contribucións das mulleres científicas, fomentar unha imaxe máis inclusiva da RAGC e incrementar a presentación de mulleres candidatas nos distintos premios. A mesma situación prodúcese na designación das personalidades no Día da Ciencia en Galicia ou nos Científicos Galegos do Ano, así como nas diferentes convocatorias de medallas e premios da entidade: Medallas e Premios de Investigación e Divulgación Científica etc.

Foi a partir do referido informe que o presidente da entidade nese ano, Juan Lema declaraba á prensa: «Somos ben conscientes do desequilibrio de xénero nos recoñecementos do ámbito científico e traballamos por mellorar o balance. Nos últimos anos téñense tomado accións importantes, o que está a resultar nunha evolución positiva.

Convidamos á sociedade científica a presentar candidaturas femininas aos premios da RAGC», coa finalidade de proporcionarles as nenas más referentes femininas e ir eliminando roles de xénero sobre a ciencia e a tecnoloxía.

Efectivamente, foi o pasado ano (2022) cando se produciu o maior número de ingresos, ao seren nomeadas 5 novas académicas numerarias na RAGC: **Carmen Isabel Álvarez Lorenzo** e **Marisol Soengas González** na área de Bioloxía e Ciencias da Saúde; **María Loureiro García** e **Ana Cebreiro Gómez** na área de Ciencias Económicas e Sociais e **Herminia Domínguez González** na área de Química.

**Carmen Isabel Álvarez Lorenzo** (Santiago de Compostela, 1970), catedrática de Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica na Universidade de Santiago de Compostela, na sección de Bioloxía e Ciencias da Saúde. Especializada en novos sistemas poliméricos e as súas aplicacións farmacéuticas e biomédicas. No seu discurso para a RAGC deixou claro a necesidade de desenvolver medicamentos «eficaces, seguros e personalizados»

**I PROMESAS EN INVESTIGACIÓN | CARMEN ÁLVAREZ LORENZO.** Coordinadora del grupo de investigación sobre lentillas de contacto de la Universidad de Santiago de Compostela.

## Lentillas para corregir la diabetes

Investiga en lentes de contacto para la patología oftálmica diabética

Su grupo ha obtenido ya prototipos de lentes para otras enfermedades

En el futuro, ve en una posible apli-

SANTIAGO DE COMPOSTELA  
ALEJANDRO SEGOVIA  
[investigaciondesegovia.com](http://investigaciondesegovia.com)

Diplomado en Optometría en 1998. Doctor en Ciencias de la Salud y se doctoró en Farmacia por la Universidad de Santiago de Compostela. Carmen Álvarez Lorenzo se ha enfrentado a la diabetes en su familia y a varios enfermos en forma de enfermedades. Una de ellas es la diabetes. La científica gallega lleva un proyecto de investigación en marcha que tienen como objeto las alteraciones asociadas a este síndrome endocrino.

Las lentes de contacto medicinales podrían ser una alternativa en el tratamiento de las patologías oculares de la diabetes, como la retinopatía o el glaucoma

Por otro lado, el grupo de Álvarez Lorenzo ha obtenido ya prototipos de lentes para otras enfermedades

en el futuro, ve en una posible apli-

Por otro lado, el grupo de Álvarez Lorenzo ha obtenido ya prototipos de lentes para otras enfermedades

en el futuro, ve en una posible apli-

Las lentes de contacto medicinales podrían ser una alternativa en el tratamiento de las patologías oculares de la diabetes, como la retinopatía o el glaucoma

Cincuenta años después de la comercialización de las primeras lentes, aún es un reto dotarlas de capacidad para la incorporación y el

Por otro lado, el grupo de Álvarez Lorenzo ha obtenido ya prototipos de lentes para otras enfermedades

**María Loureiro García** (A Pontenova, 1972), catedrática de Economía na USC no campo da economía da enerxía, ambiental e agraria, tamén forma parte da entidade como académica numeraria da sección de Ciencias Económicas e Sociais. Defendeu "políticas climáticas más xustas para avanzar na transición enerxética" no seu discurso de ingreso na RAGC. Tamén colaborou na realización dunha valoración de danos causados polo Prestige e, nunha entrevista do ano pasado, defendeu a presencia feminina nas ciencias xa que «*canto máis heteroxéneo sexa o mundo científico máis interesante será*».

A PONTENOA.

María Loureiro García, nova académica: «Son economista ambiental porque nacín na Pontenova, un enclave cheo de recursos»

Y GARCÍA

A PONTENOA / LA VOZ



**Herminia Domínguez González** (San Xoán de Río, Ourense, 1965), catedrática de Enxeñaría Química da Universidade de Vigo (Uvigo) en el Campus de Ourense para a sección de Ciencias Técnicas. Está centrada no eido do aproveitamento sostible de recursos naturais, sendo unha das investigacións más citadas en España. No discurso de incorporación a RAGC falou sobre o aproveitamento de biomasa vexetal residual para «avanzar cara a sostenibilidade contribuíndo a xerar riqueza local».

### Marisol Soengas, experta en melanoma, entra en el club de los Gallegos del Año

La científica de Agolada es la jefa del grupo de estudio de ese tipo de cáncer en el Centro de Investigaciones Oncológicas// Sus trabajos son una referencia a nivel internacional



### Herminia Domínguez ingresa na Academia Galega de Ciencias



**Marisol Soengas González** é unha científica que naceu na Agolada (Pontevedra) en 1968 e que na actualidade é investigadora do Centro Nacional de Investigacións Oncolóxicas (CNIO) en Madrid. Comezou os seus estudos de Bioloxía na Universidade da Coruña en 1986, finalizándoos na Universidade Autónoma de Madrid onde se licenciou en Bioloxía Molecular.

En 1996 realiza os seus estudos de doutorado, baixo a dirección de Margarida Salas, no Centro de Bioloxía Molecular "Severo Ochoa" e en 1997 trasladouse aos EE.UU, neste país continuou os seus estudos de postdoutorado no campo da oncoloxía no prestixioso Cold Spring Harbor Laboratory de Nova York, especializándose no melanoma humano.

Despois de once anos nese país, regresou a España incorporándose ao Centro Nacional de Investigacións Oncológicas (CNIO), onde dirixe o Grupo de Melanoma.

Polo tanto, representa unha muller que conseguiu situarse en postos de máxima responsabilidade científica no noso país e a nivel internacional.

**Ana Cebreiro Gómez** (Ferrol, 1971), graduada en Economía pola Facultade de Ciencias Económicas de la USC, e actualmente responsable de tributación internacional no Banco Mundial. O seu obxectivo é axudar a países menos desenvolvidos a melloraren as políticas tributarias para que sexan «*non só máis equitativas se non tamén máis sostibles*».

## La economista ferrolana Ana Cebreiro, académica



**Aída Fernández Ríos** (1947-2015) nada en Vigo no seno dunha familia mariñeira tradicional. Dende ben pequena tivo relación co eido marítimo pero non foi ata que coñeceu a unha científica do Instituto de Investigacións Pesqueiras espertou o seu interese e, con 25 anos, aproba as oposicións de axudante de laboratorio. Apaixonada do seu traballo, compaxínalo cos estudos de Bioloxía terminando a carreira e realizando un doutorado.

Foi pioneira na participación do primeiro estudio para cuantificar o CO<sub>2</sub> acumulado nos océanos procedente da queima de combustibles fósiles. Continuou a especialización na acidificación dos océanos relacionada coa emisións antropoxénica do CO<sub>2</sub>. Pouco a pouco e con moito esforzo e tesón, foi ascendendo ata chegar a ser a primeira muller en dirixir o Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC (2006-2011).



**María Isabel Medina Méndez** (1966) viguesa profesora de investigacións no Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo, licenciouuse en Ciencias Químicas na USC e doutorouse (1994) no eido dos lípidos que presentan os alimentos de orixe mariña. É por iso que no seu discurso no nomeamento como membro da RAGC utilizou como título “O mar, fonte de saúde: beneficios do consumo dos produtos de pesca e acuicultura”.

Esta ampla experiencia está relacionada con aspectos como a calidade, seguridade e valor nutricional dos produtos mariños.

**Minia Manteiga Outeiro** (1963, Santiago). A súa paixón pola astrofísica naceu con *Cosmo*, a serie de Carl Sagan, e comezou os estudos en Santiago migrando logo ata Tenerife onde rematou a especialidade. Actualmente é profesora na UDC e a primeira muller catedrática de Astrofísica de Galicia (2018), traballa en proxectos que aplican técnicas de intelixencia artificial desenvolvendo algoritmos para a preparación de arquivos de datos do satélite GAIA da ESA. No mesmo ano que foi nomeada membro da RAGC, foi tamén nomeada como Vicepresidente da Sociedade Española de Astronomía; e como dixo na súa derradeira entrevista do 2022 “aínda pido deseños ás estrelas”.

Minia Manteiga, catedrática de astrofísica: «Aún pido deseños a las estrellas»

JORGE CASANOVA



**Pilar Bermejo Barrera** (1956) compostelana licenciada en Química Analítica, dirixe o Grupo de Elementos Traza, Espectroscopia e Especiación desde fai 33 anos centrándose os seus estudos na presencia de elementos traza en materiais ambientais, biolóxicos e clínicos, así como o estudo da detección de drogas e, recentemente, nas nanopartículas metálicas. Como ven dixo ela nunha entrevista o ano pasado: “A xente non é consciente de que os químicos estamos en todos lados”.

Pilar Bermejo, decana de la Facultade de Química de Santiago: «Me desconcierta ver mujeres brillantes que abandonan la profesión académica por la familia»

IRENE MARTÍN  
SANTIAGO / LA VOZ



# Visita á EDAR – Bens

Na EPAPU Eduardo Pondal non é común realizar moitas excursións, pero os nosos profesores de bioloxía sorprendéronos gratamente ao levarnos de excursión ao Edar de Bens (planta de tratamento de augas)

A nosa primeira impresión foi que cheiraba moi mal, pero a nosa experiencia foi moi positiva igualmente. Explicáronnos todo o proceso polo que pasa a auga residual que sae das nosas casas até chegar ao océano e, desta maneira, tamén nos abriron os ollos sobre pequenos actos do noso día a día que poden facer a diferenza para non contaminar a auga. Cometíamos errores que parecían pequenos, pero que provocaban grandes impactos no medio ambiente. Por exemplo, algunha vez tiraches unha toalliña polo váter? Con esta pregunta referímonos a eses pequenos errores que poderíamos evitar para axudar a unha mellor depuración das augas residuais.

Ao principio da visita, déronos unha charla sobre todo o proceso da transformación de augas residuais en augas limpas. A través dunha presentación, contáronos como se creou o lugar, o traxecto da auga das nosas casas até Bens e a súa depuración; mostráronos imaxes e contáronos historias impactantes de residuos que chegan a través da auga.

Unha vez no exterior, fixéronos unha visita guiada polas distintas instalacións como: unhas piscinas que, a primeira vista, non parecían conter máis nada que auga, pero explicáronos que alí habitaban unhas bacterias moi importantes para a limpeza e a desinfección da auga.

Para terminar, leváronos ver o gran emisario, o canal de saída da auga ao mar, digno de ver, e explicáronos como a auga depurada que sae por aí xa está tratada para que non sexa contaminante para o océano.

A visita foi amena e fixo que nos désemos conta de todo o que tiñamos que mudar sobre os nosos hábitos diarios. Sempre é importante aprender; nós aprendemos que polo váter só se tiran as 3 P: papel, pipí e popó.



# Visita á ETAP da Telva

Somos dúas alumnas da ESA, que aceptamos a oportunidade que nos brindou a EPA Eduardo Pondal de visitarmos ETAP da Telva (emalcsa).

Do mesmo xeito que algúns de vós, cando nos propuxeron esta visita, preguntámonos que era unha ETAP, e hoxe en día podémosvos dicir que se trata dunha estación de tratamento de auga potable, e a da Telva, en particular, leva en funcionamento 70 anos, as 24 horas, os 7 días da semana. Ademais, está situada estrateticamente a certa altitude para facilitar a chegada da auga á cidade sen necesidade de bombeala (tal e como acontece coa de Carral) e devolve ao río Mero a auga limpia e libre de contaminantes.

## Pero vamos ao importante, como foi a visita?

As expectativas que tiñamos non eran moi altas, xa que nunca visitaramos unha ETAP e considerabamos que a visita consistiría únicamente en ver as instalacións e escoitar a algunha persoa falarnos do seu funcionamento; pero como relataremos a continuación, a visita acabou sorprendéndonos gratamente.


A primeira sorpresa tivémola axiña, ao chegarmos ás instalacións, cando un dos tres guías, Andrés, nos mostrou unha caixa chea de misterios: unha muda completa de serpe, niños de mantis relixiosas, unha vacaloura disecada...

Despois de explicarnos o contido da caixa, a visita continuou profundando na flora e fauna do río Mero.

Ademais, coa axuda dos guías, levamos a cabo varias actividades, unha das cales foi realizada por unha de nós, e que consistiu en colocar unha casiña nunha árbore para que os paxaros puidesen aniñar.

Puidemos ver tamén, como un dos guías cazou dúas bolboretas que albergou nunha caixiña (sen facerlle dano) para ensinárnolas de preto, e que posteriormente liberamos.

En resumo, a visita foi marabillosa, grazas en parte ao papel dos tres guías que foron capaces de espertar o noso interese até polos excrementos dunha lontra. Non houbo nada que non fose do noso agrado, só queda agradecer a visita.



# Visita virtual ao CGAC

## - Centro Galego da Arte Contemporánea -

O alumnado de 2º da ESA tivo a oportunidade de participar nun percorrido virtual artístico organizado polo Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago (CGAC) no mes de marzo.

Nesta visita interactiva o noso alumnado participou nunha instrutiva conversa con Sara, a artista encargada de realizar e guiar a visita virtual.


Unha conversa que nos permitiu comprender mellor as manifestacións artísticas contemporáneas.

Nesta actividade, as alumnas e os alumnos observaron as distintas manifestacións artísticas contemporáneas como, por exemplo, varias exposicións temporais e outras permanentes localizadas no museo de Santiago, ou fotografías, cadros, novas formas artísticas...

Así mesmo, a nosa guía, participou activamente nun diálogo co noso alumnado, propiciando que debatésemos sobre certos contidos relativos á arte; sobre os cales puidemos comprobar que aínda nos queda moito por aprender no relativo á arte contemporánea.

Sara, a guía, mostrounos como moitas veces necesitamos comprender o que hai “ detrás” dunha obra artística para poder interpretala dunha forma moi más profunda e enriquecedora.

O noso alumnado aprendeu que detrás de toda manifestación relativa á arte existe un simbolismo e unha historia asociada a ela que, tras coñecela, outorgalle unha nova dimensión á propia obra. Desta forma puidemos comprender que un museo non é tan só o contido material que se amosa nel, senón tamén a historia que cada artista nos quere transmitir.



# Aprendendo na aula fóra da escola

Na EPAPU Eduardo Pondal hai catro grupos de alumnado de EBI (Ensino Básico Inicial). Polo xeral son alumnos e alumnas que non poden homologar os estudos do seu país de orixe ou aqueles que non tiveron a oportunidade de cursar os estudos básicos.

No grupo de EBI 2 o alumnado propuxo na clase quedar todo o grupo en horario extraescolar para repasaren as dúbidas de cara aos exames finais. Os docentes chamámoslle a isto MOTIVACIÓN, e para nós é o maior tesouro que podemos atopar no alumnado.

A nosa obriga é a de atender esa motivación, mimala e potenciala para que medren aínda máis as ganas de aprender.

Así que, puxémonos a buscar, en tempo récord, un momento e lugar para a xuntanza demandada. O mércores 14 de xuño quedamos no Workcafé do Cantón Pequeno.

Alí, Marta, a anfitriona do Workcafé, recibiuños como corresponde e explicounos algúns datos sobre o histórico edificio e o funcionamento do Workcafé. A continuación pasamos a unha sala que reservaran para nós e tivemos unha pequena sesión de repaso de dúbidas.

Ao remate todos tomamos un café e falamos de nós mesmos nun entorno distinto á aula, o que facilitou unha comunicación máis relaxada e distendida sen a presión do horario das clases.

Foi unha moi boa experiencia para o alumnado e para o profesorado, esta de sacarmos a aula fóra da escola, unha experiencia que tentaremos repetir no futuro.



## Crónica de uma viagem internacional cá dentro

Nos passados dias 21 e 22 de abril de 2023, un grupo da EPAPU Eduardo Pondal da Corunha fizemos uma viagem de estudos interdisciplinar e interdepartamental às eurocidades Chaves-Verim e Vila Nova da Cerveira-Tominho.

A ideia foi a de fornecermos ao nosso heterogêneo alunado a possibilidade de realizarem uma saída para irem além de uma simples visita extraescolar pontual, e dar-lhes assim também a possibilidade de conhecerem outro país europeu: Portugal, vizinho do nosso e com profundas relações históricas, linguísticas e de relacionamento comercial e económico ainda na actualidade; o que se materializa numa das fronteiras mais permeável e movimentada de toda a União Europeia.



A viagem foi programada para desfrute de dois dias com durmida de uma noite na Pousada da Juventude de Vila Nova da Cerveira.

Começamos a saída didática numa das cidades com maior património histórico da nossa nação, Tui, antiga capital de província do extinto reino da Galiza. Depois de percorrermos a sua parte antiga, perdendo-nos entre o seu legado medieval cujas pedras rememoram a relevância duma cidade que chegou a ser cabeça episcopal, terminamos na sé-catedral fortaleza.

O templo, de estilo gótico, localiza-se no alto da cidade antiga dominando de jeito majestoso a cidade. Ali comprovamos o caráter estratégico e defensivo do edifício e aprendemos a origem etimológica do topônimo Tui; Diómedes rei Aqueo bautizou este lugar assim, como lembrança do seu pai, Tydeo.

No interior observamos um templo com uma estrutura muito singular tanto pela sua amplitude como pela distribuição das suas naves; passeamos escutando com o audioguia algumas das histórias mais enigmáticas que guardam os seus robustos muros. Onde, numa das suas capelas impedia justiça Pedro Álvarez de Soutomaior, mais conhecido como “Pedro Madruga”, um dos nobres mais poderosos





e sanguinários da Galiza baixomedieval. Por último, conversamos e fotografamos algumas bonitas estampas no claustro da catedral, onde eram ouvidos, indistintamente, dois falares estreitamente vinculados tanto cultural como historicamente: galego e português.

Seguiu-se um almoço conjunto em Valença que culminou com uma visita a chover picaretas pela vila fortificada e a sua feira, o que não nos impediu de realizarmos algumas compras de atoalhados e outras bugigangas como manda a tradição.

Já à tarde, parecia que começava a escampar e a chuva ia dar uma trégua, mas como não era nada ao certo, a nossa guia da parte da tarde, Patricia, preferiu mostrar-nos e explicar-nos o museu do “Cabaqueiro” no Rosal (Tomim) em vez de irmos, como estava programado, encharcar-nos pela floresta afora na procura do jacemento arqueológico com petróglifos de “Tabagón”.

A visita alternativa resultou um xpto! (um espetáculo!) e o alunado teve ocasião de conhecer a existência de uma gíria profissional em primeira mão. Em saindo do museu já todos estávamos desejosos de “plantarmos um salgueiro nalgúm lugar”<sup>1</sup>



A acomodação na Pousada da Juventude<sup>2</sup> de Vila Nova da Cerveira foi realizada com total normalidade e com a companhia e expectação de um curioso gatinho que insistia em vir ter connosco até aos quartos.

*“Faz da noite, noite; e do dia, dia e viverás com alegria!”*

No dia a seguir, sábado, fomos recebidos na Câmara Municipal de Tomim onde nos armamos em concelheirxs e recebemos uma palestra muito interessante sobre a eurocidade, os seus projetos conjuntos e até sobre os entraves ainda existentes para as ótimas relações mútuas.

<sup>1</sup> A expressão “plantar un salgueiro”, na gíria dos cavaqueiros, significava sair sem pagar dalgum lugar.

<sup>2</sup> As Pousadas da Juventude são uma rede de alojamentos turísticos estatais de caráter económico e público.

.Após a palestra fomos vagar, e comprar mais algumas bagatelas, pois:

*"Dinheiro não dá felicidade. Mas paga tudo o que se gasta!", pela feira de Vila Nova da Cerveira.*


Almoçamos num restaurante num lugar próximo o ótimo e sempre especial frango de churrasco português e nos aprontamos para realizarmos a última visita guiada ao Aquamuseu do Rio Minho, onde a lontra teve a honra de nos vir saudar e onde conhecemos a história, e alguma que outra estória, sobre as espécies e a pesca no rio que nos une.

*"E.. atrás de mim virá, quem de mim bem dirá!"*



O Instituto Galego de Análise e Documentación (IGADI) ven de publicar uns mapas sobre as conexións internacionais da Coruña como cidade aberta ao mundo. Podedes visitar o proxecto en <https://acorunha.hub.gal/>

Busca un punto  
ou unha bandeira  
e segue as  
conexións



Os vikingos 2

Torre de Hércules 1  
Breogán 1  
O topónimo 1



- Brigantium**
- Da despoboación ao Camiño inglés e a cidade real
- Do comercio ás migracións
- Da Autonomía galega ao mundo actual
- Personaxes históricos

#### AMÉRICA LATINA




**Escudo de Galicia**  
Galicia ten unha historia global pola súa posición xeográfica ligada ao mar, as rutas do Atlántico, as migrações e as diásporas, especialmente a americana. Desde a economía, a cultura ou a lingua, levamos séculos trazendo un perfil global na sociedade internacional.



**Escudo da Coruña**  
Nesta historia, A Coruña ten un papel protagonista, desde a Casa das Especiarias do S.XVI e moltos anos coa historia do porto ou as primeiras rutas comerciais atlánticas, ata hoxe, co impacto da globalización e a internacionalización económica e cultural da cidade.

# Relato HISTÓRICO da cidade global

- Brigantium**
- Da despoboación ao Camiño inglés e a cidade real
- Do comercio ás migracións
- Da Autonomía galega ao mundo actual
- Personaxes históricos



Segue os puntos  
co teu móvil

500 m

## Brigantium

### Do comercio ás migracións

- Torre de Hércules.** Construído como moi tarde durante o século II, o facto da Torre de Hércules regularizo o tránsito marítimo entre o Mediterráneo e o Mar do Norte. Usada como fortaleza durante o medievo, abandonou a case deuña, a restauración finalizada en 1791 permitiu retomar o seu uso como faro, ao tempo que salvaguardava os restos da edificación romana.
- Pera das Ánimas.** Non se sabe con seguridade onde chegou a expidición a Galicia das Xuño Casas das Ínsias. Se é certo que desembocou na ría da Coruña, para se fociar con riquezas que lle permitisen acceder ao consultado, tal vez os seus marinheiros tivesen que tecer muito nos baixios da Península dos Animais. Até que foron dinamitados nos anos sesenta, estes fondos mariños causaron múltiples naufraxios.
- Enseda do Parrote.** A Coruña naceu como unha cidade portuaria. Ao regreso do Portroto creouse o porto romano. Ademais d'outros mercadorías, sella o porto desde o que partia para Roma o ouro da Galicia.
- Cemiterio mouro.** A caxón dos peneiros de Punta Praga que, golpeados polas ondas que entran na ría, construíuse cando vinda non rematara a Guerra Civil, un cementerio destinado a abrigar os cadáveres dos soldados mouricos que combateran na guerra ao servizo de Franco.
- Expidición Balmis.** Localizada no monumento á expedición, o 'baleón da Balmis', o médico Francisco Balbis liderou en 1803 a expedición que levaría a vacina da varíola polas colonias españolas de ultramar. O barco María Rita partiu da Coruña con vinte e un médicos e enfermos aos que se infectaba por quendas co virus, segundo os técnicas médicas da época. O barco costeou a América española, de Venezuela a México, para chegar ás Filipinas e, aínda a Macau e Canton, na China. Xa en terra, outras expidicións encorgábanse de propagar a vacina cara o interior do territorio.
- Comitério de San Amaro.** A finais do século XVII comenzaron a situarse fora das cidades os cemiterios, por razóns de hixiene. O de San Amaro inauguruouse en 1812 e conta os túmulos de numerosos persoallos, como o poeta Eduardo Pondal, autor dos versos do himno Gallego. Nun recinto separado atopouse o cementerio inglés, comprado polo Reino Unido a mediados do XIX para que sevise de cementerio aos subtívulos, en especial aos da relixión anglicana.
- A Casa da Aduana.** En 1764 Carlos III decidisse a rematar co monopolio de Sevilla e Cádiz no comercio con América Española. Foi escolleu tree portos abertos ao comercio ultramarino En Galicia foi da Coruña. Os barcos tardaban més en mediar en chegar aos portos do Caribe e case tres meses en chegar aos do Reino da India. Este prílexico, que se conservou até o 1778, cuando se liberalizou por completo o comercio americano.
- A política.** Localizada no Palacio de Capitanía. A Coruña coñeceu una intensa actividade política ata a Guerra Civil. A gomonición militar da cidadela fei a primavera un aplastar o pronunciamento de Riego en 1820 que significou a instalación do primeiro goberno liberal en España. En 1846 produciríose unha nova sublevación, entre auxo trama civil se encontraron os intelectuais do provincialismo, o termo do nacionalismo gallego. Aredor de catedras e librarias degromaron moitos dous republicanos e nacionalistas a finais do XIX. Entre os obreiros destacaron os anarquistas, que idearon numerosas trabas que opoñense ao seu maltrato. A finais do século XX, entre os obreiros de Riego e a Real, a muralla da Cidade Alta contaboa con tres portas que daban ao mar: a do Cravo e a de San Miguel. Esta última pasou por ser a más antiga das tres. É famosa por ser a descendente Pedro I do Camino a Baitoa francesa en 1868, buscando tropas coas que oponerse ao seu irmán Henrique. Tres anos despois fixiu por elas remando do Portugal, abandonando a súa corte no reino de Galicia. Sólo tamén por elas Carlos I en 1920, para ser investido emperador do Sacro Imperio Xermanístico.
- Porta de San Miguel.** Almás das dúas portas de terra, a de Alres e a Real, a muralla da Cidade Alta contaboa con tres portas que daban ao mar: a do Cravo e a de San Miguel. Esta última pasou por ser a más antiga das tres. É famosa por ser a descendente Pedro I do Camino a Baitoa francesa en 1868, buscando tropas coas que oponerse ao seu irmán Henrique. Tres anos despois fixiu por elas remando do Portugal, abandonando a súa corte no reino de Galicia. Sólo tamén por elas Carlos I en 1920, para ser investido emperador do Sacro Imperio Xermanístico.
- Casa da Espectaría.** Localizada na praia do Parrote, zona portuaria naquele tempo. En 1522 Carlos I decidiu que se concentrase no porto da Coruña o comercio dos bancos do Coroa de Castelo, tres anos despois partiu do porto coruñés a primeira expedición a Málaga. O fracaso do via impulsou a Carlos I a ceder a Portugal os dereitos sobre as Molicas e as illas das Espedas en 1529, rematando coa caxón experiencia da especial caronada.
- Peirao de Méndez Núñez.** Absorbiido desde os anos oitenta polo Peirao de Transatlánticos o de Méndez Núñez foi un dos puntos de partida da inmigración transoceánica gallega. Desde aquí partiron numerosos buques cargados de emigrantes cara os portos da Habana, Caracas, Río de Xaneiro, Montevideo ou Bona Aires.
- Instituto Eusebio da Guarda.** Na liña de extensión da institución pública que caracteriza o século XIX, o eusebio da Guarda foi o primeiro centro público de ensino medio público que funcionou na Coruña. A actividade docente no actual edificio comezou en 1890. Poucos anos despois, o centro contou cun dos seus alumnos máis insignes: Pablo Picasso.
- Os barrios de Riazor.** Ainda que non tivo a forma doutras cidades ibéricas do norte, como Donostia, a Coruña contou tamén con augustias persoais que non se trasladaron á idade portuaria resplir o aire marítimo e tomar os banhos, buscando meliorar a súa saúde.
- ensanche.** Localizado na Praza de Lugo. Durante o primeiro terzo do século XX, nos alredores do antigo recinto amurallado arredor da Pescaría, constituiu o barrio do Ensanche como residencia da burguesía. Era parte da aristocracia ibérica e illesa adscritense ao modernismo, unha corrente arquitectónica nacida nas ruas de París, Bruxelas ou Viena a finais do XIX.

## Da Autonomía galega ao mundo actual

### 1. o idioma. Localizado na sede da Real Academia Galega.

Como os demais idiomas derivados do latín, o galego ten uns mil anos de historia. Foi o idioma de uso maioritario ate os anos sesenta, cando os efectos da escolarización e os medios de comunicación deron lugar a un crecente uso do castellán, aíntón o idioma das élites. Ainda hoxe, o galego é lingua habitual dun terzo dos habitantes da cidade, dado que comparte os súos oríxens co portugués, conecta Galicia cos países da Comunidade de Países de llingua portuguesa.

**2. Barco Arxo.** A frota Atlántica, fronte as costas galegas, foi empregada durante anos por varios países de Europa occidental como depósito de residuos nucleares. En setembro de 1981 unha expedición organizada por varios políticos e intelectuais conseguiu documentar estos prácticos. Un ano despois, co apoio de varios concellos galegos, en particular os de Vigo e a Coruña (a que ferrou o Arxo) regresaron a zona para atopar novas probas desta práctica e denunciárona co obxectivo de que fosen definitivamente prohibidas.

